

O HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE ACOLLE A XORNADA DE IRMANDAMENTO ENTRE GALICIA E A REXIÓN PORTUGUESA DE PORTO PARA COÑECER O LIVING LAB DA REDE LABSAÚDE

- No vindeiro mes de xuño, persoal do Hospital de Ourense e da ACIS continuará o intercambio de coñecementos na rexión de Porto cunha visita as súas instalacións.

Ourense, 6 de maio 2022.- Galicia acadou, xunto a rexión de Porto (Portugal), unha das iniciativas Twinning financiadas pola Comisión Europea no marco da iniciativa estratégica European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA). O obxectivo dos programas de irmandade é a realización de actividades de intercambio de coñecementos entre rexións no ámbito do envellecemento activo.

A colaboración entre Galicia e Porto céntrase no intercambio de coñecemento sobre os living lab en saúde, que constitúen un mecanismo facilitador para a creación e posta en marcha de proxectos innovadores. Nesta contorna interactúan múltiples axentes, entre eles os usuarios, que participan no proceso de innovación favorecendo o desenvolvemento de bens e servizos más acorde ás súas necesidades.

No día de hoxe levouse a cabo unha xornada no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), na que o equipo de Porto puido comprobar o funcionamento do living lab de saúde do Hospital Universitario de Ourense. A xornada contou coa presenza da Xerencia da ÁREA SANITARIA de Ourense do Servizo Galego de Saúde, persoal do Hospital Universitario de Ourense e do living lab e representantes da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Por parte da rexión de Porto participaron diferentes profesionais da Dirección do Centro de Investigación, Diagnóstico, Formação e Acompanhamento das Demências (CIDIFAD) da Santa Casa da Misericórdia de Riba d'Ave e da Universidade de Porto.

Grazas a esta iniciativa Twinning o grupo de traballo formado por Galicia e Porto desenvolverá accións convxuntas, como a xornada, así como reunións e transferencia de coñecemento en torno aos living labs de saúde.

**CONTIDOS
RELACIONADOS**

LABSAÚDE